

Porén debe dicir “A cualificación final das e dos aspirantes que realizaron o segundo exercicio...”

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 7 de febreiro de 2018 adoptou, entre outros, o acordo 9/62 RECTIFICACIÓN MATERIAL DE ERRO NAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DOCE PRAZAS DE BOMBEIROS/AS CONDUTORES/AS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2015 E SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2016)

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

Primeiro.- Rectificar o Decreto número 17010968, do 15 de decembro, do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal polo que se aprobou a convocatoria do devandito proceso selectivo e a publicación das Bases na forma legalmente establecida (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 017, do 22 de xaneiro de 2018), tendo en conta que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 7 de febreiro de 2018 adoptou, entre outros, o acordo 9/62 RECTIFICACIÓN MATERIAL DE ERRO NAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DOCE PRAZAS DE BOMBEIROS/AS CONDUTORES/AS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2015 E SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2016), en concreto o parágrafo 6 Proceso selectivo ap B) SEGUNDO EXERCICIO que di: De carácter obrigatorio e eliminatorio. “As persoas aspirantes deberán realizar todas as probas, e será puntuada cada unha delas entre o e 10 puntos. A cualificación final das e dos aspirantes que realizaron o cuarto exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas. As persoas aspirantes que non superen a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminadas.”, quedando redactado como segue:

“SEGUNDO EXERCICIO.

De carácter obrigatorio e eliminatorio

As persoas aspirantes deberán realizar todas as probas, e será puntuada cada unha delas entre o e 10 puntos. A cualificación final das e dos aspirantes que realizaron o segundo exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas. As persoas aspirantes que non superen a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminadas.”

Segundo.- Proceder á publicación da rectificación na forma legalmente establecida facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos do artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a notificación expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

Lugo, 09 de marzo de 2018.- O Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo, XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES,

R. 1020

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- c) **Número de expediente:** 3-2017
- d) **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.lugo.gal

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Tipo:** servizos
- b) **Descrición:** A execución dun programa de intervención e pedagóxico denominado “Aprende xogando”.
- c) **Lotes:** NON.

d) **CPV:** CPV: 85311300-5 Servizos de benestar social proporcionados a nenos e mozos.
92000000-1 Servizos de esporexemento, culturais e deportivos.
92300000-4 Servizos de entretememento.

e) **Acordo marco:** NON

f) **Medio de publicación do anuncio de licitación:** BOP e perfil do contratante

g) **Data de publicación do anuncio de licitación:** BOP de 2/10/2017

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- Valor estimado do contrato: O valor estimado do contrato tendo en conta a duración do contrato e a posible prórroga ascende á cantidade de 483.744,04, IVE excluído.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade): O prezo do contrato é de 120.936,01 máis o IVE 10% (12.093,60). Total: 133.029,61 euros, IVE incluído.

6.- Formalización do contrato

a) **Data de adxudicación:** 21-03-2018

b) **Data de formalización:** 09-04-2018

c) **Contratista e N.I.F.:** A BILLARDA, S.L., co CIF: B-27.278.845

d) **Importe da adxudicación:** 129.800 euros, IVE incluído

Lugo, 11 de abril de 2018.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 1021

Anuncio

DECRETO NÚMERO 18001972 DO 09/03/2018

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente realizada o día 23 de decembro de 2015, adoptou o acordo número 2/882, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2015. No seu ANEXO figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

“- Grupo C1.Escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda libre). (Cuberta interinamente). Denominación: Técnico/a en Xardín de Infancia”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 020, do 26 de xaneiro de 2016, e no DOG número 36, do 23 de febreiro de 2016.

A oferta de emprego público para o ano 2015 foi modificada polo acordo 5/173, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, o cal foi rectificad polo acordo 10/220, adoptado polo dito órgano de goberno na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30 de maio de 2017. No seu ANEXO figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

“- Grupo C1.Escala de Administración especial. Número de vacantes: 1 (quenda libre). (Cuberta interinamente). Denominación: Técnico/a en Xardín de Infancia”

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de febreiro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o acordo 10/90 **APROBACIÓN DAS BASES PARA A COBERTURA DEFINITIVA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE XARDÍN DE INFANCIA, ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, C1 (COBERTURA INTERINA)**

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a en Xardín de Infancia, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá, tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo